

LENDAS PARA O PROXECTO DRAGAL 2016

O concello de Lousame ten historias misteriosas e costumes máxicos e ancestrais que queremos compartir con todos os membros da Fraternidade do dragón.

SAN AMEDE e SAN LOURENZO

Un dos rituais máis antigos ten lugar os días 9 e 10 de agosto, festividade de S.Amede e S. Lourenzo. Os devotos a estes santos achéganse á capela de S. Lourenzo, na parroquia de Tállara e, logo de oíren misa, baixan uns 300 ou 400 metros ata uns penedos. Estes penedos teñen unas pequenas erosións e alí esfregan o corpo pola parte na que presentan algunha doenza, con intención de curala. Alí hai un fermosísimo sobreiral e celébrase unha romaría.

O noso concello ten topónimos co nome de "cova" ou mouro":

A COVA DA MOURA

A Cova da Moura é unha mámoa situada na ladeira norte do monte Tállara (483 m.) no lugar denominado "O Páramo", un pequeno porto polo que discorre un camiño ou paso natural que comunica a Serra do Barbanza coas terras baixas de ría de Muros e Noia.

Perpetuando o carácter funerario deste lugar ata os nosos días, nas inmediacións discorre o chamado "Camiño Sacramental" por onde ían enterrar aos defuntos á igrexa de Argalo.

Contan as lendas que unha moura habitaba neste lugar e que no seu interior había un pozo encantado no que aínda poden oírse algúns

cantos. Tamén se conta que encerra un gran tesouro. A losa máis grande que formaba o teito da mámoa foi roubada hai centos e centos de anos.

AS MINAS DE SAN FINX

Na década de 1880 un cidadán británico, Sir Henry Winter Burbury, comeza coas proxeccións mineiras para explotar estaño no lugar de "Covas dos mouros", cerca da aldea de Froxán.

Xa nas décadas de 1940 e 1950 extráese o wolframio destas minas, situadas na parroquia de Vilacova. Na mina hai moitas galerías e, quen sabe, igual agocha algún segredo, ou alguén está en letargo agardado o seu momento de espertar.

TOXOSOUTOS

Mais... a maior parte da historia de Lousame está vencellada ao mosteiro de S. Xusto de Toxosoutos, fundado no século XII. Cando se fixeron as últimas obras para recuperar e restaurar a igrexa do mosteiro, cando os albaneis estaban restaurando o enlousado de pedra do altar, observaron que, no chanzo que eleva este altar, había un oco. Levantaron máis pedras e comprobaron que por embaixo había outro enlousado.

Que haberá aí embaixo?

Tamén é interesante engadir que falando cun home moi maior, veciño desta parroquia, afirma que hai túneles que comunican o misterio coa aldea.

LENDA QUE LLE CONTABA A UN ALUMNO (ANTÓN, 3º ESO B) A SÚA BISAVOA

Cóntase que no Castelo de Fruime vivía un demo que se transformaba en cabuxa ou en vaca segundo aparecesen por alí rabaños duns ou doutros animais, e mesturábase entre elas. Mataba o pastor e comía todo o gando.

Mais un día un pastor deuse conta de que o demo se transformara nunha das súas vacas e "camuflárase" entre elas. Tiña este pastor unha vaca moi brava e fíxoa enrabear. Cando o demo se dispoñía atacar o pastor, este deulle cunha vara no lombo á vaca brava, e esta atacou o demo dándolle unha cornada no pescozo. Dende esa dice que por medo o demo non se atreveu a volver por alí.